

Educar aos mozos nas novas tecnoloxías

As novas xeracións precisan dunha ensinanza acorde coa realidade mundial. Conscientes de que os rapaces de hoxe medran coa tecnoloxía e de que os maiores deben mergullarse nela, o equipo de educadores que saca adiante a Revista Galega de Educación adica o seu último número a esta materia e co apoio da Dirección Xeral de Promoción Industrial

Hortensia Acuña

As Tecnoloxías de Información e Comunicación (TIC) xa non son un luxo, senón unha necesidade e unha ferramenta para conquistar éxitos académicos, agora, e profesionais, no futuro. A comunidade educativa non é allea aos novos tempos e proba dilo o número 38 da Revista Galega de Educación. Un monográfico, de máis de 80 páxinas, que recolle máis de 15 experiencias e materiais innovadores que se teñen desenvolto en Galicia en relación coas TIC.

A directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, Helena Veiguela, o director da Revista Galega de Educación, Xesús Rodríguez Rodríguez e o coordinador do monográfico, Xoán Carlos Albarellos Codesido, foron os encargados de presentar a publicación, a primeira destas características na comunidade, a semana pasada.

Baixo o subtítulo Competencia Díxitax e ferramentas TIC, o equipo de nove redactores dirixido por oxermadino Xesús Rodríguez pon de manifesto a utilidade das TIC. Este exemplar fai unha importante contribución ao estudo e información sobre as competencias educativas que se poden lograr coas novas ferramentas que hoxe existen, facendo un exhaustivo repaso a aspectos tan diferentes como as metodoloxías, ferramentas, estratexias ou novos materiais didácticos.

Os libros multimedia, o linux en galego e os portais de contidos educativos son algúns dos temas abordados polos autores que colaboran neste monográfico. Entre os numerosos artigos figura un informe sobre a formación tecnolóxica do profesorado de educación Primaria e Infantil, a cargo de Adriana Gewerc e Eulogio Perinas, da Universidade de Santiago ou unha interesante reflexión sobre o libro de texto do futuro realizada por Jordi Adell do Centro de Educación e Novas Tecnoloxías da Universidade Jaume I. Asimismo, haj un artigo sobre o software en galego, escrito por X.A. Vicente, da escola O Piñeiro de Vilagarcía; e unha completa entrevista a Manuel Area Moreira, catedrático e presidente da Rede Universitaria de Tecnoloxía Educativa (Rute).

O enfoque do monográfico trata cunha especial preocupación



Xoán Carlos Albarellos, Helena Veiguela e Xesús Rodríguez, na presentación do monográfico das TIC en Santiago.

cións os aspectos docentes e pedagógicos do uso da tecnoloxía, ofrecendo claves que indican a importancia de descubrir as novas metodoloxías que impulsen aos docentes a innovar e que permitan incorporar as TIC aos procesos de aprendizaxe do alumnado. Nesiña, Xesús Lojo describe nunha reportaxe cómo empregar os encrucilados dixitais nos colexios e o docente Manolo Rei comparte a súa experiencia tecnolóxica no centro público San Sadurniño, de A Coruña.

Tamén cómpre salientar que a revista incorpora un CD, con diferentes ferramentas TIC para a creación de materiais, incluíndo

unha distribución de Linux en galego específicamente para a escola.

Divulgar

A Revista Galega de Educación non é nova, de feito comezou a editarse en 1986 cunha periodicidade trimestral, promovida por Nova Escola Galega e editada por Edicións Xerais.

A principios dos noventa xa tiña preto dun millar de subscriptores, pero a partir do ano 1997, algúns problemas, en particular ligados á producción editorial, fixeron entrar en crise todo o proceso de elaboración. En setembro do 2006 volve saír ao mercado,

da man dun equipo editorial multidisciplinar de 23 persoas.

Respecto ao contido, Xesús Rodríguez dirixe a un grupo de redactores cun forte peso lucense, xa que Carmen Díaz, Francisco Xosé Candia, Agustín Fernández, Xosé Lastra Muruais e el mesmo teñen a súa residencia nesta provincia.

Principios

A revista conta con seccións fixas e un monográfico sobre un tema, unha entrevista e reportaxes, experiencias do mundo do ensino, sobre outras escolas de fóra de Galiza incluso de fóra de España. Inclúen tamén unha sección sobre pais e nais, de xogos e trebollos

que se usaban e usan como xoguetes, reseñas de libros publicados e reflexións sobre a educación, entre outras cousas.

O obxectivo básico deste proxecto do movemento Nova Escola Galega é ser un punto de encontro e expresión a través do cal poder dar a coñecer as prácticas cotiñas, reflexións e inquietudes das persoas que transmiten coñecementos á xuventude. Ainda que Xesús Rodríguez, profesor da USC, precisa que "temos varios principios que queremos que se reflicten en cada número". Entre eles, destaca a defensa da lingua galega, unha escola plural, ideolóxica e culturalmente e o ensino público na procura dunha educación contextualizada na realidade galega.

Nese sentido, os redactores intentan ofrecer unha publicación xeneralista e teórico-práctica en canto á abordaxe de cuestións educativas e pedagógicas. "Por iso, necesitábamos contar cun vehículo de divulgación, de exposición e de intercambio de experiencias didácticas e de realidades prácticas no campo do ensino", explica Rodríguez. En definitiva, un instrumento que posibilite crear "redes de articulación das múltiples expresións da construcción dun proxecto de reforma social e democrática da educación en Galicia", conclúe.

Novedades

O número de outubro estará guiado por Alfonso Villares

Rodríguez sinala como obxectivos inmediatos da revista a súa difusión e coñecemento, para aumentar o número de subscriptores, polos "son fundamentais para poder continuar traballando". Con esa meta, xa están a traballar no vindeiro número da revista que con-

tará coa colaboración do orientador Alfonso Villares para abordar o monográfico pedagógico. Por 21 euros, os mesmos ou centros poden recibir os tres exemplares anuais no domicilio e, en Lugo, tamén se distribuirán nas librerías Trama e Bibles.

"Pretendemos que os docentes e os profesionais da educación en xeral, consideren a Revista Galega de Educación como un recurso para o traballo educativo, unha fiesta aberta a novas experiencias vinculadas co seu quefacer dírio", asegura o director.